



ACCIÓN EN MATERIA DE RSE DESENVOLVIDAS POR ULLA OIL, S.L. 2010 - 2012

ULLA OIL S.L. constitúese no ano 1993 en Vedra co obxecto de realizar actividades de comercio e distribución de combustibles, carburantes e lubricantes.

Desde os nosos inicios viñemos presentando un crecemento progresivo, incorporando paulatinamente novos produtos e anticipándonos as necesidades do mercado.

Aspiramos a innovar continuamente para responder os requerimentos do mercado, adecuar a nosa organización os desenrols tecnolóxicos e avanzar hacia a excelencia en cada un dos produtos e servizos que prestamos. A nosa actividade obliganos a estar continuamente evolucionando para poder ofrecer os nosos clientes todos os servizos que requiran en cada momento, adecuándonos as súas necesidades.

A dirección de **ULLA OIL S.L.** intenta mellorar día a día para que os clientes reciban o mellor dos servizos en xusta correspondencia á confianza depositada.

Un dos obxetivos da empresa é ofrecer un servizo de calidade, co convencemento pleno que un traballo cero defectos é un traballo dobremente proveitoso:

- Aforro de costes para a empresa e mellor imaxe ante os clientes.

Para a consecución destes obxetivos a empresa vela pola constante formación dos seus traballadores, que son o motor da empresa.

REALIZACIÓN DUN PROXECTO PARA A IMPLANTACIÓN DE MEDIDAS DE RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL NA EMPRESA ULLA OIL, S.L.

A responsabilidade social emerxe no mundo empresarial como un importante distintivo da nova economía, que algunhas persoas expertas catalogaron de “economía de absoluta transparencia”, cuxo elemento diferenciador é que non só importa “cánto se gana”, senón tamén “cómo se gana”.

A RSE constitúese nunha visión empresarial que integra na xestión, o respecto polos valores éticos, as persoas, a comunidade e o medio ambiente. Dentro destas áreas, atópase a diversidade como parte dunha estratexia na toma de decisións e obxectivos, sustentada no modelo de negocio e reflectida nos seus valores. E, por outro lado, sobre todo tendo en conta a normativa legal vixente, é imprescindible a consideración da perspectiva de xénero na súa aplicación, como parte tamén desa diversidade.

Coa posta en marcha de medidas de responsabilidade social, pretendeuse progresar empresarialmente buscando o equilibrio entre o medio ambiente, a economía e a propia sociedade. A RSE está xa extendida polas grandes empresas da nosa Comunidade Autónoma, conscientes do beneficio empresarial que lles aporta o desenvolvemento de medidas de responsabilidade social.

Para a implantación destas medidas de RSE en **ULLA OIL, S.L.** procedeuse á elaboración dun plan de actuación no que se recolleron as medidas de responsabilidade social implantadas na empresa, tendo en conta os datos de partida obtidos segundo a diagnose previa realizada.

Somos conscientes de que un persoal motivado e implicado é máis produtivo e fiel á empresa, pasando, así, o capital humano a ser un gran protagonista na xestión empresarial actual. En consecuencia **ULLA OIL, S.L.** quixo propiciar o contorno e as circunstancias para que o seu persoal teña a certeza de que se valora a súa contribución ao crecemento da empresa a través da implantación de prácticas socialmente responsables na nosa política de recursos humanos.

PLAN DE MEDIDAS

Cadro de Persoal

MEDIDAS

- Elaboración de medidas de selección e contratación de persoal non discriminatorias
- Contratación de mulleres para desenvolver postos de traballo tradicionalmente masculinizados
- Protocolo de actuación en caso de acoso sexual e acoso

Formación en materia de igualdade para persoal directivo, mandos intermedios e RRHH.

- Elaboración dun baremo de elección de quendas vacacionais incorporando o principio de igualdade
- Elaboración dunha guía de prevención de riscos laborais introducindo a perspectiva de xénero

Empresas Proveedoras

MEDIDAS

- Mellora dos sistemas de control de calidade dos produtos das empresas proveedoras

- Fomento das relacións comerciais con entidades provedoras que implanten plans ou medidas de RSE.

- Prioridade de compras e subministros con entidades que incorporen o principio de igualdade á súa acción empresarial.

- Garantía de relacións comerciais con entidades e empresas provedoras exentas de calquera práctica que poida coaccionar ou restar liberdade de actuación lexítima.

- Proporcionar puntualmente ás entidades provedoras información fiable de relevancia para a relación contractual ou comercial establecida.

Clientela

MEDIDAS

- Establecemento de medidas personalizadas para particulares e empresas que teñan dificultades para satisfacer o pago inmediato

- Continuar coa prestación dunha atención personalizada á diferente clientela

- Incrementar os servizos de mantemento das instalacións

- Impulso das políticas de innovación da empresa

Sociedade

MEDIDAS

- Plan "inverno quente", facilitando cada ano a unha familia e/ou entidade con dificultades o subministro de gasóleo durante os meses de inverno.

- Facilitar ao persoal a participación nos proxectos deportivos patrocinados pola empresa

- Diversificar o apoio e o patrocinio a entidades procurando incentivar a práctica deportiva e a participación cultural de mulleres e homes.

- Elaboración e publicación de informe anual en materia de RSE e resultados obtidos

Medio Ambiente

MEDIDAS

- Instalación nas billas de dispositivos de baixo consumo ou reductores de caudal e a reparación das billas, canalizacións e válvulas que goteen.

- Distribución entre o persoal dun tríptico con pautas para o uso eficiente da auga como: a reutilización da auga en procesos que non necesiten auga limpa, non ter as billas abertas se non se están utilizando...

- Cambio da actual iluminaria por iluminaria de baixo consumo.

- Distribución entre o persoal dun tríptico con pautas para o uso eficiente da enerxía eléctrica como: a activación dos sistemas de aforro de enerxía naqueles aparellos que se poida, aproveitar o máximo as horas de luz natural...

COFINANCIADO POR:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
"O FSE axuda a crear emprego"

ULLA OIL, S.L. Puente Ulla s/nº, 15881 - Vedra, A Coruña

Teléfono: (+34) 986 78 11 26

Correo: punteulla@grupoulla.es | www.grupoulla.es